



## XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

### Anuncio

Resolución de 10 de setembro de 2018 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construcción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo (expediente IN407A 2018/62-2-8601-AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construcción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Inversión y Administración Inmobiliaria BP SL
- Domicilio social: Avenida Nicasio Pérez, parcela 17, 15407 Ferrol-A Coruña
- Denominación: centro de seccionamento PE As Gándaras, parcela K1.11
- Situación: concello de Lugo
- Características técnicas:
  - Centro se seccionamento en edificio prefabricado de superficie, que se conectará á liña soterrada de media tensión do PE As Gándaras, con 2 celas de liña e 2 de protección de tipo modulares. As conexións de entrada e saída da rede proxéctanse enterradas, con condutor RHZ1.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, resolve:

Conceder a autorización administrativa previa e de construcción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 12 de setembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2732

### Anuncio

**Resolución de 24 de setembro de 2018 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construcción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. ( expediente IN407A 2018/8661-AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construcción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: BEGASA

- Domicilio social: parque empresarial As Gándaras, r/ Aller Ulloa, Ramón María, 9, 27003 Lugo

- Denominación: modificación do CT 10418 Area Abajo

- Situación: concello de Viveiro

- Características técnicas:

Reforma do CT non prefabricado Area Abajo, cunha potencia máxima admisible de 250KVAS e unha potencia instalada de 160KVAS, consistente en:

• OBRA CIVIL

Realización dun deposito de recollida de aceite, construcción de canle para as novas celas, instalación de mampara de protección do transformador, construcción de portas de doble folla para o transformador e para acceso ao cadre de BT, ampliación da porta existente para acceso as celas de MT e desmontaxe das instalacións actuais.

• OBRA ELÉCTRICA

Instalación dun novo transformador de 160KVAS, instalación de duas novas celas de liña e unha de protección, instalación dun novo armario de BT e a realización de novas pontes entre o CT e o cadre de baixa e entre o CT e as celas de MT.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, resolve:

Conceder a autorización administrativa previa e de construcción a ditas instalacións, cujas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independientemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 24 de setembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2749

### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERRÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

### Anuncio

Hugo Trabado Álvarez (DNI 76581849Z), solicita a ampliación do tecor *Urogallo* (LU-10273) con 476,51 ha terreo correspondentes aos montes veciñais en man común de *Penedo* e de *Vilor*, e outros predios particulares e comunais, nos termos municipais de Navia de Suarna e de Cervantes.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 21 de setembro de 2018.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Margarita López Blanco.

R. 2750

## CONCELLOS

### BECERREÁ

*Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 28/09/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto do 2018 do prezo público pola prestación do servicio de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que disponen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 28/11/2018. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seránllas enviados ó endereço declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 1 de outubro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2751

## BEGONTE

*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro de 2018, o expediente de modificación de créditos nº. 12 /2018, ( 4º de competencia do pleno), con modificación do anexo de investimentos, dentro do vixente Presupuesto municipal, por un importe total de Cento vinte e sete mil setecentos oitenta e cinco (127.785,00) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, a 28 de Setembro de 2018.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2752

## GUNTÍN

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el expediente de modificación de créditos nº18/2018 dentro del vigente presupuesto municipal, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 177 en relación con el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, que deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de esta Corporación.

Guntín, 28 de setiembre de 2.018.- El Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 2754

## MONTERROSO

### *Anuncio*

#### **Información pública**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 27 de setembro de 2018, a modificación de ordenana fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos nas instalación deportivas e de recreo municipal do Concello de Monterroso, exponse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 28 de setembro de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 2737

### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación con data de 27/09/2018 o expediente de modificación de créditos num. 22 de 2018 financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, dentro do vixente Orzamento municipal, por un importe de oitenta e cinco mil euros (85.000,00), en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co art. 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 05 de marzo, exponse o público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comenzará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Monterroso, 28 de setembro de 2018.- O ALCALDE, Miguel Rico Gómez.

R. 2738

## PANTÓN

### *Anuncio*

O pleno Municipal en sesión ordinaria do 13 de setembro do 2018 aprobou provisionalmente o proxecto relativo á obra “captación, depósito e abastecemento de auga na Parroquia de Tribás”, o que se fai público durante o prazo de vinte días, contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que se poida examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que se estimen oportunas. De non presentarse reclamacións, entenderanse elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

Pantón, 28 de setembro do 2018. O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2740

## RÁBADE

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **24 de setembro de 2018** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de agosto de 2018**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, a 24 de setembro de 2018.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 2741

## CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

### *Anuncio*

### **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS POR CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS**

Polo Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en sesión celebrada o pasado día 21 de setembro de 2018, aprobouse provisionalmente o expediente de modificación do orzamento de gastos por Créditos Extraordinarios.

En virtude do disposto nos artigos 169 e 177 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, dito expediente exponse ao público na Secretaría deste consorcio durante o prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que consideren oportunas aos seus dereitos.

No suposto de non presentarse reclamacións no prazo indicado o expediente entenderase definitivamente aprobado producindo efectos dende a data de aprobación provisional una vez que se publique integralmente.

O que se fai público para xeral coñecemento en Lugo a vinte e cinco de setembro de 2018.

O Presidente do Consorcio, Darío Campos Conde.

R. 2745

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### *Anuncio*

**Expediente número: A/27/21770.**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Josefa Silva Santiago.

Nombre del río o corriente: Manantial Reteixeira.

Caudal solicitado: 0,018 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 1 del polígono 94 (O Filloval).

Término Municipal y Provincia: As Nogais (Lugo).

Destino: Uso ganadero.

### **BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:**

Arqueta de captación y conducción por tubería hasta abrevaderos en interior de nave ganadera.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de As Nogais**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 26 de septiembre de 2018.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES. Pedro Granda Rodríguez.

R. 2764

*Anuncio*

**Expediente número: A/27/21685.**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Arturo Trabada Arias.

Nombre del río o corriente: Dos manantiales.

Caudal solicitado: 0,8942 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 658 del polígono 35 (A Braña).

Término Municipal y Provincia: Baleira (Lugo).

Destino: Abastecimiento a vivienda, uso ganadero y riego.

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:**

Arquetas de captación y tuberías de conducción hasta depósito de 2 m<sup>3</sup> de capacidad desde el que partirá una conducción desde la que se distribuirán las aguas para los diferentes usos.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Baleira**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 26 de septiembre de 2018.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES. Pedro Granda Rodríguez.

R. 2767

---